



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Campomaior
Travesa de Campomaior s/n
15680 - Ordes
881880886
ceip.campomaior@edu.xunta.gal

PROGRAMACIÓN ANUAL

NIVEL 4ºEI

CEIP CAMPOMAIOR

CURSO 2021-2022



ÍNDICE

1.-CONTEXTUALIZACIÓN DA AULA

2.-OBXECTIVOS

- A) Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal
- B) Coñecemento do contorno
- C) Linguaxes: comunicación e representación

3.-CONTIDOS

- A) Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal
- B) Coñecemento do contorno
- C) Linguaxes: comunicación e representación

4.-METODOLOXÍA

- Presencial.
- Non presencial.
- O xogo.
- O espazo.
- Os agrupamentos.
- Planificación temporal.
- Recursos.
- Relación coas familias e apertura ao contorno.

5.-CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS DE EDUCACIÓN INFANTIL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

6.-AVALIACIÓN

- Criterios de avaliación
- Avaliación do proceso de ensino
- Procedementos e instrumentos de avaliación

7.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

8.- O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

- Xustificación
- Esquema
- Obxectivos
- Actividades para as tres fases



1.- CONTEXTUALIZACIÓN DA AULA

A seguinte programación está destinada a 4º de Educación Infantil do CEIP Campomaior.

Este nivel educativo está composto por dúas aula, sendo a súa distribución de alumnado e titoras, a seguintes:

- 4ºEI A: 9 nenas e 5 nenos. Titora: M^a Monserrat Viqueira Campos.
- 4ºEI B: 11 nenas e 4 nenos. Titora: Verónica Gómez Blanco.

A programación que a continuación se presenta pretende respectar os diferentes ritmos madurativos dos nenos e nenas, pero está deseñada sen coñecer apenas ao novo alumnado, polo que os obxectivos, contidos e actividades que a continuación se propoñen poden sufrir variacións en función da evolución dos grupos.

2.- OBXECTIVOS

A programación ten como marco referencial o Decreto 320/09 de 4 de xuño, o Proxecto Educativo e a Programación de Ciclo. Por outro lado, tamén se tivo presente documentos de xestión do Centro como son a P.X.A. (Programación Xeneral Anual), P.A.T., Normas de Organización e Funcionamento e Convivencia e outros documentos que rexen o funcionamento do centro.

Os obxectivos distribuídos por áreas para este nivel educativo, son os seguintes:

A) ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSONAL

- Formarse unha imaxe axustada e positiva propia identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima.
- Coñecer e representar o seu corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias e ser capaces de expresalos e comunicalos, e comezar a identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades e reforzar o sentimento de autoconfianza.



- Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requerimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración.
- Progresar na adquisición de hábitos relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e a saúde.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, etnia, cultura, características físicas, personalidade,...)
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

B) ÁREA DO COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións aos que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conducta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e comprensión baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e establecendo relacións de agrupamento, clasificación, orde e cuantificación.



- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas, establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

C) ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de goce.

- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais (o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfato e o tacto) como elementos xenuíños da comunicación humana.

- Comprender que as palabras, os números, as notas musicais, as iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos e ideas.

- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos: expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas... dirixíndose a diferentes interlocutores e en diversidade de contextos, valorando a liguaxe como ferramenta de relación cos demais e de regulación da convivencia e a aprendizaxe.

- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e goce ao participar nestes intercambios comunicativos.

- Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos (literarios, expositivos, enumerativos, informativos, prescriptivos), recoñecendo a funcionalidade e uso social destes; descubriendo que os textos escritos poden ofrecer oportunidades tales como informar, brindar novos coñecementos, entreter e enriquecer a fantasía.

- Facer uso da biblioteca da aula valorándoa como fonte de información e de pracer.

- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar a partir das súas ideas, sentimentos, experiencias e coñecementos.

- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en diferentes linguaxes, adquirindo progresivamente sensibilidade estética.

- Comunicarse creativamente a través das distintas manifestacións artísticas: pintura, modelado, teatro, música, literatura, imaxes proxectadas...



- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora e respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC (ordenadores, internet, pizarra dixital...) como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

3.- CONTIDOS

A) ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL

BLOQUE 1: O CORPO E A PROPIA IMAXE

- Recoñecemento progresivo das posibilidades e características do seu corpo para chegar á toma de conciencia do seu esquema corporal.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- Vivenciación do corpo como un todo para pasar progresivamente a vivenciar as partes que o integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas (que proveñen dos propios músculos e articulacións) e das percepcións exteroceptivas (relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfativos, táctiles e gustativos).
- Aceptación da súa imaxe corporal. Goce xogando co seu corpo e empregando as posibilidades expresivas do mesmo a través de xestos, movementos, xogos...
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. Xestión progresiva dos propios sentimentos e emocións co fin de controlar os caprichos, de resolver pacificamente os conflitos e de aceptación de normas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que nos rodea.
- Valoración positiva e actitude de respecto polas diferenzas; aceptación da identidade e características dos demais, evitando discriminacións.



- Recoñecemento e vivenciación das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos e coas demais persoas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino.

BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción.
- Goce polo xogo como medio para coñecer a realidade, como vía de deleite e relación.
- Adaptación do ton e a postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.
- Aceptación de compromisos, establecendo acordos e fortalecendo vínculos afectivos.
- Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotoras finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais.
- Potenciación das súas capacidades motoras de coordinación e orientación no espazo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas.

BLOQUE 3: ACTIVIDADE COTIÁ

- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Habilidades para a interacción e colaboración e actitude positiva para establecer relacións de afecto, aceptando a diversidade.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades doutras persoas e das normas de funcionamento do grupo.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal.

BLOQUE 4: COIDADO PERSOAL E SAÚDE



- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo: hixiene, alimentación, descanso...
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables.
- Gusto por un aspecto persoal coidado.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades.

B) ÁREA DO COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO

BLOQUE 1. MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio.
- Interese pola clasificación de obxectos e materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio do rexistro de cantidades. Toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Inicio no emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade.
- Resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos en distintas situacións e con variadas accións.
- Achegamento básico a algunhas magnitudes físicas: peso, lonxitude, tempo.
- Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais.
- Orientación temporal en situacións cotiás. Rutinas.
- Establecemento de relacións de orientación espacial respecto a obxectos, persoas e lugares.
- Exploración lúdica coon algúns corpos xeométricos elementais: cadrados, círculos, rectángulos, triángulos.

BLOQUE 2. ACHEGAMENTO Á NATUREZA

- Achegamento ás características e funcións vitais dos seres vivos, empregando diversas fontes de información.



- Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Identificación das diversas formas de preservar o medio natural.

- Cambios que se producen ao longo dun día e das estacións do ano.

BLOQUE 3. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

- Identificación da familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza. Valoración positiva das relacións afectivas que nelas se establecen.

- Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e aportas servizos relacionados co consumo, transporte, seguridade, sanidade, etc.

- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, amosando boa disposición para resolver conflitos mediante o diálogo de forma cada vez máis autónoma.

- Establecemento de relacións e intercambio de experiencias con persoas doutros lugares e de diferentes culturas.

C) ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

BLOQUE 1. LINGUAXE VERBAL

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral.
- Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos, etc.

- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con interlocutores diversos.

- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía...

- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e en situacións habituais de comunicación.

- Achegamento a lingua escrita como medio de comunicación, información e goce.



- Textos de uso social e algunha das súas propiedades: función, autoría, soporte, personaxes, título, imaxe, texto...
- Uso de diferentes soportes da lingua escrita como libros, enciclopedias, revistas, periódicos, carteis, etiquetas, cartas, cómics, páxinas web, correos electrónicos, etc.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- escoita e comprensión da lectura en voz alta de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, teatro,... nas dúas linguas oficiais.
- Memorización e recitado dalgúns textos moi sinxelos de carácter poético.
- Participación en xogos lingüísticos (adiviñas, trabalinguas, onomatopeias...) co apoio de xestos, movementos e ritmos.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias.
- Iniciación ao uso das bibliotecas da aula, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo para a diversión e o coñecemento.

BLOQUE 2. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

- Exploración sensorial dos elementos presentes na contorna integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.
- Potenciación da súa imaxinación e fantasía para enriquecer a actividade creativa.
- Descubrimento e experimentación con algúns dos elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura, espazo e volume.
- Desenvolvemento da súa sensibilidade artística a través do goce coas obras artísticas, distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión: cor, forma, liña, movemento, volume,...
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes (papeis, cartón, telas, plástico, barro, plastilina, acuarelas, pinturas, tizas, lápices, pinceis, esponxas, fotografías, pantalla de ordenador, etc.) e de distintas técnicas (debuxo, pintura, collage, amasado, etc.)
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector...



- Manifestación das emocións, sensacións e ideas que lles suxiren diferentes tipos de obras plásticas.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Utilización dos sons atopados na exploración para a interpretación e a creación musical.
- Vivenciación do son e do silencio.
- Inicio na discriminación dos sons e dalgúns contrastes básicos (rápido-lento, forte-suave, agudo-grave).
- Creación de ritmos a partir das sensacións que lles xera a música.
- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

BLOQUE 3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

- Descubrimento da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías (videotecas, coleccións de CD, ordenadores, Internet,...) como fontes de información, comunicación e expresión que melloran a competencia para o descubrimento, o coñecemento, o traballo cooperativo e a comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso (adaptado ás súas posibilidades) das ferramentas tecnolóxicas: ordenador, encerado dixital interactivo...

4.- METODOLOXÍA

Para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe lévanse a cabo diferentes propostas didácticas en dúas situacións diferenciadas: presencial, non presencial.

1º) Desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe presencial:

A) OS PROXECTOS

O traballo por proxectos permite o desenvolvemento dos seguintes obxectivos:

- Favorecer nos nenos e nenas o desenvolvemento dunha personalidade autónoma, participativa e creativa, capaz de disfrutar, de elixir e de tomar decisións.
- Facer aos alumnos e alumnas protagonistas do proceso de aprendizaxe, facilitando a participación de todos e todas na elección e realización de actividades, na toma de decisións na aula, etc.



- Posibilitar a exploración e comprensión do mundo que lles rodea, accionando sobre os obxectos e espazos.
- Facilitar ao alumnado medios para desenvolver a comunicación a través de diferentes tipos de linguaxe.
- Estimular a capacidade de observación en xeral, posibilitando que expresen os seus sentimentos e pensamentos a través das súas manifestacións e producións artísticas.

O proceso a seguir para preparar os proxectos constará dos pasos seguintes:

- **Selección do proxecto:** este escóllese coa aceptación de todo o grupo-clase, a partir dunha proposta feita polo propio grupo, pola mestra ou dende algún dos equipos do centro.
- **Valoración:** nunha primeira assemblea determínanse os aspectos xa coñecidos polo alumnado e recóllense todas aquelas preguntas ás que se quera dar resposta ao longo do desenvolvemento do proxecto.
- **Determinación de obxectivos** que expresen as metas máis importantes a acadar.
- **Selección e organización de contidos.**
- **Programación de actividades:** Actividades que permitan coñecer diferentes aspectos sobre a temática a investigar, tendo en todo momento un carácter globalizador.
- **Ambientación da aula:** en función do tema a traballar.
- **Temporalización:** a duración media de cada proxecto é aproximadamente de catro ou cinco semanas, pero pode variar en función das características do proxecto: algúns poderán necesitar todo un trimestre para completarse e outros é posible que se desenvolvan nunha semana.
- **Intercambio co resto do profesorado que imparte na aula** (Mestres/as de inglés e relixión, apoios de música, psicomotricidade e atención educativa) para incluír nas súas clases actividades sobre o proxecto.

Débese ter en conta que traballo por proxectos obriga a ir completando a programación de aula ao longo do curso, pola imposibilidade de determinar dende un principio cales son os intereses do alumnado, os temas que irán xurdindo, e cales decidirá traballar o grupo.

B) OS RECUNCHOS

Parte do traballo da aula está organizado en recunchos. Con esta organización preténdese que o alumnado acade os obxectivos seguintes:



- Coñecer os diferentes espazos da aula e todas as posibilidades de actividade e xogo que cada un deles implica.
- Manipular e empregar axeitadamente o material do que dispón en cada recuncho, ordenando este como corresponda despois de utilizalo.
- Disfrutar de momentos de tranquilidade e doutros de máis acción.
- Organizarse cos seus compañeiros e compañeiras nos xogos, sen actitudes de sumisión nin dominio, respectando os gustos e as opinións dos outros.

O xogo e traballo por recunchos realízase mediante o grupo-mesa do alumnado, os cales van cada día da semana a un dos recunchos para xogar libremente ou realizar algunha proposta establecida pola mestra-titora.

Pese a todo o explicado anteriormente, durante o primeiro trimestre os recunchos funcionarán de xeito moito máis flexible, xa que os recursos preséntanse pouco a pouco e dase tempo aos nenos e nenas para ir coñecendo o material e a súa ubicación.

2) Desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe non presencial: no suposto que se de esta situación, o alumnado de 4º de Educación Infantil, recibe traballo impreso elaborado polas titoras, ademais de diferentes propostas mediante a aula virtual, pretendendo en todo momento seguir as rutinas establecidas na aula. O contacto tamén se realiza a través do correo electrónico da aula e a aplicación de Abalar Móbil.

O XOGO

É fundamental ter en conta que os xogos serven como instrumento educativo e tamén de observación das peculiaridades de cada alumno e alumna: estilos de aprendizaxe, dificultades, actitude ante os erros, aceptación de regras, interacción cos compañeiros e compañeiras, etc.

O xogo simbólico permite ao alumnado reproducir e imaxinar escenas ou situacións da vida real. A simulación da realidade posibilita que o neno ou nena vaia coñecendo, aceptando ou provocando novas maneiras de relacionarse, de enfrentarse aos conflitos e de situarse no contexto social e relacional.

Deste xeito, nas aulas de 4º de Educación Infantil, o xogo emprégase como recurso motivador e instrumento educativo na práctica diaria, tendo en conta os seguintes aspectos:

- Que o alumnado encontre placer nos xogos, independentemente do resultado final obtido.
- Que os xogos eviten a discriminación ou menosprezo daqueles alumnos/as que non conseguisen os obxectivos marcados.



- Que sexan indicadores para a mestra das habilidades que teñen que mellorar de maneira individual ou en grupo.
- Que posibiliten a participación de todo o alumnado do grupo-clase.
- Que o alumnado vexa aos seus compañeiros e compañeiras como iguais e non como contrincantes aos que hai que superar.
- Que a finalidade sexa conseguir a suma de achegas individuais para lograr un obxectivo conxunto.

O ESPAZO

O espazo da aula divídese en diferentes ambientes, ben para uso individual, pequeno grupo ou gran grupo en función das actividades a realizar e do material que se vaia a empregar. Zona de mesas e cadeiras, recantos...

AGRUPAMENTOS

Lévanse a cabo diferentes actividades que permiten tres tipos de agrupamento)

- **Gran grupo:** asamblea, narración de contos, conversas...
- **Traballo individual:** traballo en mesa
- **Pequeno grupo:** traballo en recunchos

PLANIFICACIÓN TEMPORAL

Na distribución temporal das diferentes xornadas escolares, téñense en conta unha rutina de actividades estables, pero suficientemente flexibles para dar cabida ás necesidades e intereses individuais, tendo en conta os seguintes parámetros

- Partir do momento evolutivo dos nenos e nenas do grupo, axustando as tarefas ás súas posibilidades de atención e traballo.
- Manter unha secuencia de ritmos e rutinas equilibrada.
- Cubrir as necesidades e intereses do grupo-clase.
- Organizar o tempo de realización das actividades tendo en conta o ritmo do grupo; respectar a alternancia de esforzo, concentración e movemento.
- Aproveitar feitos espontáneos que xurdan ao longo da sesión ou da xornada para incorporalos ás actividades do día de consideralo axeitado.



- Adecuar as tarefas que se van realizar á distribución espacial e aos recursos de persoal e materiais cos que conta o centro.

RECURSOS

HUMANOS
As mestras-titoras, mestras de apoio, profesorado especialista, as familias, colaboradores (Concello, organismos..) En definitiva, todas as persoas que compoñen a comunidade educativa e que desexen participar no proxecto didáctico.
MATERIAIS
<u>Da aula:</u> material funxible e non funxible, material dos diferentes recunchos, material de refugallo, audiovisual e informático, libros e contos... <u>Do centro:</u> o entorno natural do centro e o patio. <u>Do contorno:</u> recursos da localidade onde está situado o centro, concello...
ORGANIZATIVOS
Recursos espazo-temporais sinalados nos puntos anteriores.

RELACIÓN COAS FAMILIAS E O CONTORNO

A educación infantil é unha tarefa compartida entre pais/ nais e educadores e educadoras co fin de levar a cabo accións conxuntas intencionadamente educativas. A familia desempeña un papel fundamental no desenvolvemento do neno/a. Neste sentido, a escola comparte coa familia esta labor educativa completando e ampliando as súas experiencias formativas. Así pois, dende a aula de 3 anos coopérase estreitamente coas familias mediante diversas vías:

- Reunión inicial a comezos de curso: reunión xeral na que se explica o proceso do periodo de adaptación, así como as normas xerais de funcionamento do centro e da aula, e a metodoloxía a desenvolver ao longo do curso escolar.
 - Entrevista inicial individualizada: entrevista para coñecer aspectos do desenvolvemento dos nenos e nenas.
 - Titorías: O horario das titorías é o martes de 17:00-18:00 horas.
 - Contacto a través de Abalar Móbil e correo electrónico da aula: envío de avisos ás familias.



5.-CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS DE EDUCACIÓN INFANTIL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Para desenvolver as competencias traballamos por proxectos e propoñendo tarefas e retos que inciten aos alumnos e alumnas a mobilizar os seus coñecementos e habilidades tratando de achegar a escola á vida diaria, empregando un enfoque globalizador e partindo dos intereses do alumnado, das súas experiencias e coñecementos previos.

Nas aulas de 3 anos procurarase contribuir ao desenvolvemento das competencias básicas do seguinte xeito:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:

- Levando a cabo actividade de expresión oral nas que nenos e nenas participen activamente: realizar asambleas, contar e dramatizar contos, conversar, debater, cantar...
- escoitando e lendo contos, inventando contos, imaxinando historias, situacións e personaxes.
- Desenvolvendo actividades motivadoras que inciten ao alumnado a falar, ler e escribir, expresarse creativamente e estruturar o seu discurso.
- Facilitando o coñecemento de diferentes formas de expresión oral e escrita (teatro, poesía, cartas, correo electrónico,...) coas súas características formais diferenciadas e o disfrute deste coñecemento.

COMPETENCIA MATEMÁTICA:

- Procurando o desenvolvemento de habilidades de percepción: observar, escoitar, percibir sensacións, recoñecer vivencias....
- Fomentando o desenvolvemento da capacidade de razoar, resolver problemas, comunicar, representar, establecer conexións, facer comparacións...
- Realizando actividades nas que disfrutan e aprendan matemáticas en situacións lúdicas: xogando a mercar e vender, poñendo prezos, usando moedas, medindo, pesando, etc.
- Fomentando a resolución de problemas cotiás mediante razoamentos matemáticos.
- Promovendo a identificación de números e cantidades en obxectos do contorno (calendario, tickets, catálogos, carteis, etc.)



- Poñendo ao alumnado en situación de describir características e propiedades dos obxectos que nos rodean.

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

- Facilitando a observación e exploración do contorno físico-social máis próximo e establecendo relacións entre a propia actuación e as consecuencias que dela derivan.
- Planificando actividades de investigación, formulación e comprobación de hipótesis...
- Posibilitando que os nenos e nenas aprendan formulando e respondendo preguntas, interpretando feitos, expresando opinións e contrastando esas opinións coas dos seus compañeiros e compañeiras.
- Inculcando actitudes de respecto, coidado e agarimo ante o medio natural.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

- Habilitando un dos recunchos da aula para uso de ordenador e outros elementos audiovisuais.
- Iniciándose na utilización da pizarra dixital.
- Usando o ordenador como ferramenta para buscar e atopar información.
- Fomentando un uso controlado e non abusivo do ordenador.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ:

- Mostrando un modelo axeitado nas interaccións sociais (ton de voz, fórmulas de cortesía, comunicación visual, asertividade, etc.).
- Integrando na aula materiais e contidos que promovan a igualdade entre homes e mulleres e a valoración das diferenzas culturais e raciais.
- Organizando actividades e xogos en equipo.
- Posibilitando que todo o alumnado poda manifestar a súa opinión sobre algún tema inculcando o respecto polas opinións alleas.
- Potenciando os xogos cooperativos fronte aos xogos competitivos.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER:

- Traballando por proxectos que respondan ás necesidades e intereses do alumnado.



- Programando actividades fundamentalmente activas, lúdicas e motivadoras.
- Propoñendo situacións que fagan posible a aprendizaxe por descubrimento.
- Xerando situacións donde os nenos e nenas deban diagnosticar un problema, propoñer posibles solucións, analizar as consecuencias e programar as accións necesarias para conseguir os obxectivos previstos.
- Facendo ao alumando copartícipes do proceso de aprendizaxe.
- Facilitando a participación de todos e todas na elección e realización de actividades e na toma de decisións na aula.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL:

- Potenciando que realicen por sí mesmos todas aquelas tarefas que sexa posible.
- Deixando constancia da súa evolución e valorando o seu esforzo e iniciativa.

6.- AVALIACIÓN

As características da avaliación en Educación Infantil (global, continua e formativa) permiten ao profesorado desta etapa encamiñara a súa acción educativa facilitándolle ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno/a alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades de acordo coas súas posibilidades.

Nas aula de 4º de Educación Infantil realízase un seguimento ao longo do proceso educativo para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e a evolución de cada neno e nena, tomando como indicadores de avaliación os obxectivos xerais do ciclo. Este seguimento permite poñer en relación os obxectivos iniciais propostos coas características e posibilidades de cada alumno e alumna, orientando e reconducindo o proceso de ensino-aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Recoñece e nomea as partes e articulacións principais do corpo, e sitúaaas espacialmente en si mesmo e nos demais.
- Identifica as partes do corpo que se corresponden con os sentidos.
- Discrimina informacións e sensacións proporcionadas polos sentidos.



- Mostra coordinación, axilidade e equilibrio nos movementos corporais.
- Manifesta un progresivo control postural.
- Coñece e utiliza as posibilidades expresivas do seu corpo.
- Mostra confianza nas propias capacidades.
- Participa e colabora cos compañeiros e adultos, mostrando actitudes de colaboración e respecto.
- Progresa na coordinación e no control de habilidades manipulativas de carácter fino.
- Coñece e utiliza as normas de comportamento en distintas situacións e espazos.
- Realiza autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer as súas necesidades básicas.
- Mostra autonomía e iniciativa na adquisición de hábitos e condutas relacionados co coidado persoal, coa hixiene, coa saúde e con benestar

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO

- Discrimina obxectos e elementos do medio inmediato.
- Manifesta interese por explorar os elementos do medio a través de actividades manipulativas, establecendo relacións entre as súas características e o seu comportamento físico.
- Desenvolve habilidades lóxico-matemáticas (agrupar, clasificar e ordenar) para establecer relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións.
- Achégase a comprensión dos números e valora a súa utilidade en situacións da vida cotiá.
- Manexa nocións básicas espaciais (arriba/abaixo, dentro/fora, preto/lonxe...), temporais (antes/despóis, pola mañá/pola tarde...) e de medida (pesa máis, é máis longo...)
- Valora a importancia do medio natural para a vida humana.
- Observa os cambios e modificacións dos elementos do medio.
- Identifica algúns factores que inflúen nas transformacións do medio.
- Identifica e coñece os grupos sociais máis significativos do seu medio.
- Identifica e valora algunhas das características e manifestacións culturais do seu medio.



- Establece vínculos fluídos e equilibrados de relación cos demais.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utiliza a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
 - Comprende mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
 - Amosa unha actitude positiva cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais, en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
 - Mostra interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
 - Goza compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, lendas, poesías, ...
 - Utiliza a biblioteca con respecto e coidado valorándoa como recurso informativo, de entretemento e goce.
 - Exprésase e comunícase utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
 - Mostra interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación.
 - Utiliza, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

Tendo en conta a Orde do 25 de xuño de 2009 de implantación, desenvolvemento e avaliación do 2º ciclo da E.I, é necesario avaliar o proceso de ensino, é dicir, a propia acción docente. Para iso tomamos como referencia os criterios e indicadores reflectidos na Programación de Ciclo.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Este aspecto vén regulado, así mesmo, na Orde do 25 de xuño de 2009 e tamén no D.330/2009 polo que se establece o currículo en Galicia. No tocante aos aspectos que conforman a avaliación (carácter, momentos, documentos...), axustarémonos aos principios e liñas recollidos na Programación de Ciclo.

7.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



A programación de aula debe dar unha resposta axeitada ás necesidades de todo o grupo-clase. Con este obxectivo iranse realizando axustes no proceso de aprendizaxe, de modo que cada neno ou nena poida conseguir os obxectivos participando da dinámica xeral da aula.

A atención á diversidade non só vai dirixida ao alumnado que mostra dificultades destacables de aprendizaxe. Todos os alumnos e alumnas presentan diferenzas, xa sexa en estilos de aprendizaxe, en niveis de maduración, en intereses, etc.

As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada un dos alumnos e alumnas e teñen que ser respectuosas coas súas características persoais.

Partindo destas premisas, e para cumprir coa atención á diversidade teranse en conta os aspectos seguintes:

- Proporcionar situacións para adaptarse aos diferentes niveis e intereses do alumnado.
- Adaptar a metodoloxía ás diferentes necesidades do momento, favorecendo a autonomía.
 - Adaptar os tempos, aos diferentes ritmos individuais.
 - Realizar actividades de reforzo e de ampliación.
 - Presentar diferentes recursos adaptados ao contexto e ao alumnado.

8.-O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

XUSTIFICACIÓN

O período de adaptación é o intervalo temporal que nenas e nenos precisan para asimilar os cambios producidos na súa vida, contorna e ambiente ao incorporárense ao centro escolar, é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro descoñecido e, en algúns casos, vai suponer tamén a primeira separación das figuras de apegos.

O ingreso na escola supón para o neno ou nena un grande cambio. Saen dun mundo familiar con códigos establecidos e roles determinados e coñecidos, dun ambiente no que se sinten protexidos, onde é o centro de atención e introdúcense no ambiente escolar, onde o contemplan dende outro punto de vista, como alumno/a dentro dun grupo no que se ten que relacionar, en espazos diferentes, cuns materiais e mobiliario diferentes, con outras maneiras de facer e de dicir as cousas, con moitos cambios e novidades na



súa vida cotiá, con outros nenos e con outras persoas adultas que, de momento, nos son da súa confianza.

Seguindo o calendario escolar establecido para o presente curso escolar, Orde de 19 de maio de 2021, na súa disposición adicional segunda, establece que o período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro e non se prolongará máis alá do 21 de setembro.

ESQUEMA

O período de adaptación distribúese da seguinte forma:

1º FASE	Luns 13 e martes 14 de setembro	Grupos de 7/8 alumnos/as Horario: 9:40-10:40/ 11:00-12:00
	Mércores 15 e xoves 16 de setembro	Grupos de 7/8 alumnos/as Horario: 9:40-11:10/ 11:30-13:00
2ª FASE	Venres 17 de setembro	Grupos completo Horario: 9:40-12:00
3ª FASE	Luns 20 de setembro	Grupo completo Horario: 9:40-13:00
	Martes 21 de setembro	Grupo completo Horario: 9:40-13:30

OBXECTIVOS

Os obxectivos didácticos que se pretenden alcanzar son os seguintes:

- Expresar os seus propios sentimentos e expectativas de cara á escola.
- Sentirse acollido/a grazas ao contacto físico e ao diálogo persoal.
- Superar progresivamente a dificultade de separarse da súa familia.



- Situar-se no lugar asignado nas entradas e saída e recoñecer a ubicación da súa aula.
- Coñecer ao profesorado e aos compañeiros e compañeiras da súa aula.
- Recoñecerse paulatinamente como parte integrante do grupo.
- Interiorizar as rutinas básicas da aula.
- Familiarizarse con materiais e actividades cotiás da escola infantil.
- Iniciarse no coñecemento e respecto das normas elementais da escola.
- Integrar o ritmo escolar e os horarios nos seus hábitos de sono, alimentación, descanso, tempo de xogo, hixiene...

ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

As actividades a realizar durante este periodo de adaptación baséanse fundamentalmente en: xogos para o coñecemento dos nomes dos compañeiros e compañeiras, narración de contos, adquisición de hábitos e rutinas da aula, así como hábitos de hixiene, exploración individual dos materias e xogos e dos novos espazos.